

SCRITA CONTEMPORÁNEA

ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA



Nancy Morejón

Escritora Galega Universal 2008

Nancy Morejón
Escritora Galega Universal

Consello Directivo da AELG

Presidencia: Cesáreo Sánchez Iglesias
Vicepresidencia: Antía Otero
Secretaría Xeral: Mercedes Queixas Zas
Tesouraría: Marta Dacosta
Vogalía de Lugo: Isidro Novo
Vogalía de Pontevedra: Elvira Riveiro
Vogalía de Vigo: Francisco Castro
Vogalía da Coruña: Francisco Souto
Vogalía de Ourense: Xerardo Méndez
Vogalía de Relacións coa Lusofonía: Carlos Quiroga
Vogalía de Relacións Internacionais: Xavier Queipo
Vogalía de Literatura de Tradición Oral: Antonio Reigosa

Secretaría Económica e Técnica

Ana M. Carril Vázquez e Ernesto E. Calo

Edita: Asociación de Escritores en Lingua Galega
www.aelg.org / oficina@aelg.org

Apéndice fotográfico

Héctor Fernández (Ollo de vidro) - A. C. Alexandre Bóveda
Maribel Longueira

Tradución da antoloxía poética

Alfredo Ferreiro

Tradución da conferencia

Mercedes Queixas Zas

Depósito legal: VG-1293-2005

ISSN 1989-7340

Impresión e acabamento: Norprint Artes Gráficas. 4780-583 Santo Tirso



Nancy Morejón
Escritora Galega Universal

Presentación de Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Aelg	7
Palabras para agradecer o premio “Escritora Galega Universal 2008”	9
Conferencia pronunciada pola escritora Nancy Morejón na Fundación Rosalía de Castro	11
Aproximación cronolóxica	21
ANTOLOXÍA POÉTICA	27
Simples luces	29
Ando	30
A cea	31
Réquiem para a man esquerda	33
Freedom now	34
Últimas noticias	35
Farewell	36
Muller negra	37
Eloxio da danza	39
O tambor	40
Obreira do tabaco	41
Rosa	43
Nai	44
Abril	45
Campešiños	46
Mundos	47
Soliloquio dun colono	49
Canción de berce silente para nenos sudafricanos	50
Epitafio para unha dama de Pretoria	51
Ausencia	52

Carta náutica	53
Soños	54
Persoas	55
os que marchan	57
INÉDITOS	
Balada do amor perdido	61
Qana	62
Círculos de ouro	64
Obsidiana	65
Chuvia sobre tellados	66
Montevideano que fala en alemán	67
Vilma en xuño	69
ANEXOS	
Sobre a autora (Nicolás Guillén e Mario Benedetti)	73
Apéndice fotográfico	75

Amigas e Amigos:

Temos con nós, hoxe, en Compostela, a Nancy Morejón. Poeta e ensaísta, ten publicado, desde o ano 1962 co libro *Mutismos*, máis de once libros de poemas e catro libros de ensaio, entre os que está *Nación e mestizaxe en Nicolás Guillén*.

A súa palabra está chea de contención e de intensidade no seu apreixar o cotián até facelo palabra marabillada. Con palabra de obsidiana abre o costado do día e os seus círculos dourados.

A poeta Nancy Morejón ás veces busca a comunicación tecendo o pano co que é de seu e habita o seu interior, e co que é colectivo e forma parte do seu contorno.

Na súa obra, por veces, a natureza é un ser animado. E nela sempre agroma un profundo amor a todo o que de humano nos constitúe e a todo o que nos rodea. A poeta Nancy Morejón busca no poema a esencia desnudada, ao tempo que bebe da tradición popular e bebe na dor e na ledicia do seu pobo.

A súa palabra, chea de música interior, dános sempre o que é íntimo e revelador da verdade. A súa palabra é andoriña que parte a inédita luz.

Na súa poesía tamén está unha parte do pobo cubano, das mulleres de Cuba a través dun eu épico; en palabras súas, “*Elas: quen serán? ou son eu mesma?*”

Dialoga tamén nos seus poemarios co seu contorno en tempo real, contemporáneo da poeta, para concretar o seu humano labor na creación poética, sendo testemuña do devir social onde os homes e as mulleres son protagonistas da historia. A súa busca vai unha e tantas veces ás raíces da identidade. É pupila que contempla.

Os poemas de Nancy Morejón sempre son lugar do indicíbel aínda que se interne na realidade do cotián ou en lembranzas de lugares e seres queridos como apaixonada paisaxe existencial. Ela quérese encontrar nos seus enigmas.

Hai poemas nos que a poeta se interroga como poeta que é muller, polo rostro de tantas e tantas mulleres que a precederon, nun diálogo coas súas voces inapreixábeis, de todas, e que a sitúan diante do propio coñecemento.

Concordo con Xerardo Fullea León: “*O sorriso de Nancy en consonancia cos seus ollos que propician a tenrura*”; “*Muller, preta, caribeña e antillana por convicción, fainos partícipes cos seus poemas do máis auténtico e intenso da nosa identidade.*” Nos ollos de Nancy vén o mar coas súas aves, e no seu voar a música e a onda en flor.

Cesáreo Sánchez Iglesias

Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

*Ao carboeiro atravesando a praciña de Antón Recio
A Divina, fronte ao portón de Tenerife
A Serafín Rodríguez no seu automóbil subindo Peñalver*

A Hilda Menchaca que os lembra a todos aínda coma min

Recibir un premio¹ en calquera campo do coñecemento ou da creación significa que outros recoñecen, polo menos, un signo de vitalidade na obra que imos xestando día tras día. E se ese premio é literario –coma este– enclavado, ademais, nunha cultura fermosa, viva, fluente como poucas e, sobre todo, compartida a través dun océano tan antigo como separador, daquela a alegría non pode ocultarse e unha decátase de que apenas é capaz de controlar as emocións ao aceptar semellante distinción.

Varios nomes de escritores galegos entraron á miña vida de estudante. A través das súas páxinas, souben da dor que sempre arrastran consigo as migracións. Case todos os compoñentes da nosa cultura se forxaron así: a través dos mares, en barcos lentos ou feroces, en forma violenta ou por vontade exploradora. Pero o que permanece é a auga das rías correndo suaves baixo os escritos de Rosalía de Castro, de Manuel Curros Enríquez, de Luísa Villalta e de tantos outros, xa entrañábeis amigos –como o demostra esta XVII Feira do Libro da Habana–, que necesitan desta Illa en cuxas raíces alentan as súas.

1. No marco da XVII Feira Internacional do Libro da Habana, o domingo 17 de febreiro, ás dúas da tarde, tivo lugar na Sala José Antonio Portuondo da Fortaleza San Carlos da Habana, a cerimonia de proclamación do Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega que lle outorgou á poetisa e ensaísta cubana Nancy Morejón a condición de Escritora Galega Universal 2008. Reproducimos as palabras pronunciadas pola escritora logo de que Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, lle entregase unha pluma fonte coa correspondente inscrición. Sánchez Iglesias anunciou, pola súa banda, que a escritora recibiría o galardón a primavera de 2008 en Santiago de Compostela. (N. do E.)

É unha honra sentir este mediodía o rumor dunha mirada cara ao que puiden escribir desde aquí, agora ou antes.

Quero así expresar a miña máis profunda gratitude ao poeta Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, por entregarme este contrasinal ancestral que me coloca na mellor definición do universo galego. Calquera xesto de recoñecemento proveniente desa cultura pon nas miñas mans un signo único, de extraordinaria relevancia. Calquera ponte tendida desde aquela terra constitúe un acontecemento irreversible, provisto dunha intensa confirmación de identidade, pois, como sabemos, esa cultura integra, por dereito propio, un dos máis lexítimos tesouros das Américas, moi particularmente nas Antillas e no noso ámbito cubano.

Permítanme agradecerlles este acto de fe cara á diversidade que non só nos conforma e ennobrece, senón que, no cruzamento de tantos camiños, aléntanos e inclínanos cara ao máis transparente dos compromisos intelectuais da nosa época.

Nancy Morejón
A Habana, 17 de febreiro de 2008

Queridas amigas, queridos amigos:

I

Ante todo, permítanme agradecer á Asociación de Escritores en Lingua Galega, de Galiza, o seu xesto de confraternidade, ao terme outorgado a condición de “Escritora Galega Universal”, o cal, á súa vez, fixo tanxíbel a oportunidade de estar de corpo presente e de viva voz neste recinto.

Non podería entrar no tema que nos convoca nesta conferencia sen facer unha evocación desa raíña das letras galegas chamada Rosalía de Castro. Síntome inclinada a evocala, con todo fervor, non só por atopármonos nesta Fundación que fai honor á súa vida e á súa obra, senón porque a súa figura tutelar integra, por dereito propio, o imaxinario popular dos cubanos no transcurso de tres séculos. Ese sitio imborrábel e incuestionado de Rosalía enmárcase nunha elección popular que desborda toda nomenclatura filolóxica, calquera apreciación literaria da súa obra.

Na Habana da primeira metade do século XX, onde nacín, atopamos un innegábel mito de Rosalía, afirmado no ano da súa morte, 1885, e sedimentado co tempo até se estender por cidades do interior da Illa. O escritor e crítico Xosé Neira Vilas –que tanto achegou co seu ininterrompido quefacer ao mutuo achegamento das culturas cubana e galega–, precisa:

Cando faleceu Rosalía de Castro, tres publicacións galegas de Cuba: *El Eco de Galicia*, *Galicia Moderna* e *La Gaita Gallega*, dedicaron edicións monográficas á súa memoria. Tamén a prensa cubana publicou sobre ela fermosas páxinas. Varios xornais da Habana, Matanzas e Pinar del Río destacaron a súa significación como poeta. Dedicáronselle poemas e artigos laudatorios. Na catedral de Matanzas, segundo consigna o xornal *La Aurora*, fíxoselle unha homenaxe cívico-relixiosa. (...) Dous cubanos ilustres

recordárona. Enrique [José] Varona publicou unha sentida crónica na *Revista Cubana*. E na mesma publicación deu a coñecer o gran educador Rafael María de Mendive un poema que termina así: *Recibe ti que morriches en plena gloria / tras ti deixando luminosa pegada / este obsequio de Cuba á túa memoria / e pide ao ceo que se apiade dela!*¹

O prestixio literario da autora de *Cantares gallegos* (1863) xa se instalou alén dos portos e mares da súa terra en pleno século XIX. Como explicarmos a brillante prestancia da escritura desta nova ama de casa, nai e amantísima esposa que fundara a lingua poética dunha Galicia rural e en balde preterida e até esquecida no panorama peninsular da época? Sen admitir que a devandita prestancia sexa un milagre, temos que comprender e assimilar as razóns do seu encanto verbal, que nunca escondeu a conciencia social que denunciaba as inxustizas dun contorno social adverso, hostil, para os homes de pluma compracente ou comprometida. Sendo unha muller, a súa obra e a súa vida expresaron os ideais dunha diferenza étnica, e xa que logo lingüística, digna de eloxio.

O apóstolo da liberdade e a independencia cubanas, José Martí, un dos grandes misterios da nosa poesía –creador, xunto ao nicaraguano Rubén Darío, do movemento modernista hispanoamericano tan admirado e seguido por Antonio Machado, entre outros escritores da chamada Xeración do 98–, rexistrou con admirábel adianto os acenos de identidade e, como sabemos por Neira Vilas, o talento de Rosalía de Castro.

O poeta dos *Versos sencillos* (1891) gozou como poucos o seu acento lírico e coñeceu en Nova York –cidade desde onde organizou a segunda guerra de independencia cubana, na última metade do século XIX– o poemario *Follas novas* (1880) e, nun texto, cita frases de Rosalía “para xustificar un comportamento ético”.² Ou é que non hai un transparente rumor de certa ética rosaliana naqueles versos que lle deron a volta ao mundo:

*Con los pobres de la tierra
Quiero yo mi suerte echar:
El arroyo de la sierra
Me complace más que el mar*

(“Versos sencillos, III”)³

1. Xosé Neira Vilas: *Presencia diversa de los gallegos en Cuba*. A Habana, ed. Xunta de Galicia, 2008, pp. 36-37.

2. Xosé Neira Vilas: *op. cit.*, p. 10.

3. José Martí en *Páginas escogidas*. Tomo II. Terceira edición. Selección e prólogo de Roberto Fernández Retamar, A Habana, ed. Ciencias Sociais, 1974, p. 23.

Moitos anos despois, xa na primeira metade do século XX, o poeta cubano Agustín Acosta ía traducir para o castelán as aleccionadoras *Follas novas* ante as que se detivera o xenio martiano, cuxa agudeza reparou noutras dúas grandes da cultura galega como o foron a loitadora social e penalista Concepción Arenal e a narradora Emilia Pardo Bazán, cuxa obra, aínda que non foi escrita en galego, “non se pode entender fóra do contexto xeográfico e sociocultural galaico”⁴.

Dous nomes que, xunto ao de Rosalía –cada unha desde as súas épocas respectivas– abren camiño ao feminismo hispano do século pasado, adiantándose a moitos dos movementos deste tipo que posteriormente tomaron auge non só en España, senón en todo o hemisferio occidental. Sen entrarmos en detalles que se saírían do marco temático desta conferencia, é xusto recoñecermos a valiosa contribución investigadora e o enfoque sobre este aspecto do libro *Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán: afinidades y contrastes*, da catedrática Matilde Albert Robatto.

A obra de Rosalía alcanzou unha resonancia literaria e social fóra do común, pois recibiu a atención dos máis relevantes escritores e críticos do seu momento. Valería a pena enumerar, a voo de paxaro, un grupo de nomes como os de Manuel Murguía –o seu propio esposo–, Emilio Castelar, Azorín, Miguel de Unamuno, Emilia Pardo Bazán, Juan Ramón Jiménez, Luís Cernuda, Emilia Bernal, Celso Emilio Ferreiro, Guillermo Díaz Plaja, Enrique Díez Canedo e Ángel Lázaro –ben coñecedor da cultura literaria habanera ademais de ser un estudoso do mito cubano de Rosalía– entre outros moitos.

Os versos máis emblemáticos de Rosalía de Castro en Cuba son aqueles que exclaman:

*Galicia está probe,
E á Habana me vou...
¡Adeus, adeus, pezas
d'o meu corazón!*

(“Pra a Habana”)⁵

Neles nace o imaxinario do que lles falei ao comezo desta conferencia. Porque Rosalía non é só a raíña das letras galegas na medida en que é a súa voz máis lírica, a voz que nos penetra no enigma da saudade –manifestación esencial dun-

4. Ver Matilde Albert Robatto: *Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán: afinidades e contrastes*. A Coruña, ed. Edicións do Castro, 1995, p. 8.

5. Ver Ángel Lázaro: *Rosalía de Castro. Estudio y antología*. Madrid, ed. Compañía Bibliográfica Española, S.A., 1966, p. 150.

ha Iberia setentrional— senón o seu profundo espello no que se miran todas as culturas minoritarias que, viventes e abertas, perduran no seu orgullo lingüístico que as instala, de forma lexítima, nun vasto panorama nacional que non ha de negar a súa esencia identitaria.

Nos nosos días é un tema recorrente, baixo calquera rúbrica, o dos movementos migratorios que se suceden cun acento marcado no económico e en máis nada. A cultura galega, no seu corpo literario, asentou en Cuba esa experiencia tan enriquecedora hoxe, pois, na súa historia, demóstranos a importancia dos factores económicos e, de feito, sociais que moven poboacións enteiras nun cruzamento incesante que non deixou de se producir a través dos océanos ou, talvez, a través da propia Europa. Galiza derramouse sobre as nosas costas antillanas para irse e volver e volver partir. Que tesouro o deses homes e mulleres que saíron en busca de sustento e fundaron novas terras!

Pero o que máis importa en min da obra e aínda a vida, un pouco triste, de Rosalía, non son só eses valores literarios que intentei resumir para vostedes, senón, pola contra, é ese mito popular ao que me asomei na miña infancia. É o que predomina nunha Habana cuxo alento non puido prescindir da súa expresión máis acabada.

Como quizais coñezan vostedes, os cubanos transferimos o nome de galego a todos os peninsulares que se radicaron, teñen transitado ou residido no noso chan insular, a través de todo un milenio. Andaluces, cataláns, aragoneses, vascos, casteláns da península foron para nós galegos. Os peninsulares aplanados convertéronse en crioulos. Uns acumularon riqueza de forma legal ou depredadora. Xa se sabe. Outros, en especial os galegos, sedimentaron as súas vidas na Illa pero, na súa maioría, integraron as capas medias e, por que non?, as máis humildes do país.

Nun libro memorable, *Gallego* (1981), Miguel Barnet, onde se desacraliza o galego no estereotipo dun sistemático potentado crioulo, revélase ese matiz do galego emigrante, asediado por unha pobreza que non o abandona e que o fai marchar ao mellor lado do pobo. Cada capítulo está precedido por unha cita de Rosalía de Castro. Esa hispanidade, que atravesa as nosas expresións culturais, uniuse a outro compoñente, o africano, presente nelas como un substrato tamén fundamental do noso ser, do noso carácter. Nos barrios da Habana do Centro, ou da Habana Vella, non houbo unha man máis solidaria que a que se tendían mutuamente os galegos e os seus fillos; os negros e mulatos e os seus descendentes. De aí a imaxe, no meu recordo, do carboeiro galego, cuxo nome nunca souben, que atravesaba a Praciña de Antón Recio como aspirando no aire cantarelos de Rosalía, renacidos no amencer dun mundo que se tornaría novo, habitábel, pois enarboraba como emblema moral unha diversidade cantada que, á súa vez, nos aglutinaba ao redor dun proxecto social revolucionario, irreversíbel pero aberto ao recoñecemento da diferenza.

Por iso, ao termo da cerimonia en que fun proclamada como “Escritora Galega Universal”, na antiga Fortaleza de San Cristóbal da Habana, durante os cálidos días da XVII Feira Internacional do Libro, comoveume o feito de que a noción que tiven dos galegos vén dunha orixe que moitos coñecen na Illa. Se son unha escritora galega universal é porque as raíces da miña identidade teñen un carácter inapreciábel, insubstituíbel, resistente a todas as probas que supoñen as condicións étnicas e de xénero latentes na miña persoa.

Boa parte da dor de Rosalía –descrita en versos inesquecíveis como aqueles onde retrata a súa nai– renaceu na miña creación literaria sen apenas ter conciencia diso. Detíveme nun poema de *La flor* (1857), o seu primeiro poemario, onde a poetisa descobre a soidade materna que sería a súa, moitos anos despois: “sola duerme la dulce madre mía”⁶, para terminar advertindo a presenza dun perigo do que hai que salvara para anunciar o tráxico desenlace dunha muller, fustrigada pola incompreensión, a desigualdade, o atropelo civil. Nos versos finais, canta Rosalía:

¡Ah! De dolientes sauces rodeada,
de húmeda yerba y ásperas ortigas,
¿cual serás, madre, en tu dormir turbada
por vagarosas sombras enemigas?

(“A mi madre”)⁷

E alí advertín os rumores que percorren o seu para pousarse en “Madre”, un dos poemas máis tristes que escribín xamais, algo que advertín cando o dicía, asombrada, de memoria ante a súa tumba, un 16 de febreiro de 1997. Nunca sospeitei que a súa razón de existir era enterrar a quen lle cantou:

*Mi madre tuvo el canto y el pañuelo
para acunar la fe de mis entrañas,
para alzar su cabeza de reina desoída
y dejarnos sus manos, como piedras preciosas,
frente a los restos fríos del enemigo.*

(“Madre”)⁸

6. Ángel Lázaro: *op. cit.*, p. 114.

7. Ver Ángel Lázaro: *Ibid.*

8. Ver Nancy Morejón: *Estos otros argumentos*. Antología. Selección de Teresa Melo. Prólogo de Mariño Wilson Jay. Ilustraciones de Jorge Knight Beira. Santiago de Cuba, ed. Santiago, 2005, p. 65.

Agora, co alento dun final prestado, como traído á Habana pola sombra negra de Rosalía, envolta na súa imborrábel atmosfera ancestral, á sombra dese dereito, estou aquí esta tarde para expoñer unha serie de ideas e reflexións sobre a experiencia desa escritura feminina cuxo esplendor vimos acrecentarse nas últimas décadas, non só no universo da poesía e a narrativa hispanas –como se sabe, entre ambas beiras do océano Atlántico, que é moito dicir– senón en case todas as literaturas modernas nos seus correspondentes idiomas.

II

Cando unha muller escribe algo máis que un feito literario ten lugar. Na maioría dos casos, estamos ante un esforzo persoal inevitábel. Pensen en Carlota, a escrava africana cuxa lenda rememora unha canción recollida pola nai de Bóla de Neve. Carlota pretendía redactar unha confesión amorosa que nunca chegou ao seu destino. Pensen en calquera monxa ilustrada da Nova España garabateando unha súplica ao vicerrei de quenda. Tempos medievais, tempos modernos e unha mesma historia compartida máis aló das pertenzas sociais, opulentas ou miserábeis.

Está demostrado: calquera vida é unha fonte inesgotábel de experiencia literaria, un testemuño capaz de transcender as limitacións que o seu momento histórico lle impuxese. Toda escritura –sobre todo aquela que é un acto inconsciente, sen propósitos lucrativos ou profesionais– alcanza un valor documental insospeitado. Tanto é así que a esencia de infinidade de acontecementos históricos chegaron até a nosa época a través dunha sinxela nota confesional redactada sen intención ningunha de posteridade. En cambio, a escritura que se realiza ás agachadas, para fixar o tempo que lle tocou vivir á súa autora, ou aínda aquela que glorifica a súa natureza existencial aos catro ventos, en fin, unha ou outra, conforman un discurso literario excepcional máis aló das súas virtudes ou defectos.

Ese discurso literario, desde os seus remotos inicios, foi integrando un innegábel corpo de obras e, o que é máis importante, gañou un espazo insospeitado en diversos niveis, en sociedades de diverso carácter, desde os días do seu nacemento.

O século pasado foi fragua e testemuña, á vez, dese fascinante proceso. Unha escritura nada á sombra dos grandes canons estabelecidos logrou asomar o seu nariz, a súa enteireza e a súa máis lexítima razón de ser. Hoxe gañou infinidade de lectores reclamando deles non só o seu imparcial interese, senón a súa participación entusiasta nun fenómeno aberto como é o universo da palabra –ora sexa oral ou electrónica– nos nosos días.

Cada vez son máis os nomes femininos que gañan espazo e recoñecemento neste trafegar cotián por propiciar unha arte ao alcance de todas e todos e, entre

outras cousas, co manifesto desexo de instaurar a posibilidade dun mundo mellor que este en que habitamos. Non importa o éxito fugaz, senón o logro dun obxecto de arte. O triunfo deber ser o goce de crear.

Malia a súa convulsión, a súa bestialidade operativa, o seu indiscriminado menosprezo á condición humana, o século XXI non pode descoñecer a lección. Sen o concurso das mulleres é imposíbel deseñar un porvir máis xusto, máis rico, máis tanxíbel; polo cal, o oficio da escritura é imprescindible para o desenvolvemento de cada ser humano, da súa cultura, da súa proxección intelectual. É un paradoxo que no medio de tanta propaganda bélica, de tanta mensaxe alleada da natureza feminina, poidamos divisar algún que outro oasis proporcionado, ás veces até con candor, polo labor e os estudos dun quefacer do que xa non poderemos desprendérmonos.

Cando empecei a publicar, na miña adolescencia, a presenza de nomes de muller era exigua. Aínda que o século XIX cubano trouxera o ilustre nome de Dona Gertrudis Gómez de Avellaneda ao panorama máis esixente das letras hispánicas peninsulares, non é menos certo que só no XX alcanzaron estatura continental as clásicas voces de mulleres como Alfonsina Storni, Juana de Ibarbourou, Delmira Agustini, Gabriela Mistral. As súas obras foron emblemáticas das Américas. Ao longo do século, outras voces dos territorios centrais e do Caribe non atoparon a mesma receptividade. Nomes como Salomé Ureña, Claudia Lars (1899-1974), Dulce María Loynaz (1902-1997), Julia de Burgos (1917- 1953), Eunice Odio (1922-1974), entre outras⁹, apenas eran lidas, esgazadas dunha alta tradición literaria, sen circulación cara aos conos sur ou norte do continente. Mencionar estes nomes, integrantes da máis fermosa literatura hispanoamericana en lingua castelá, quizais me aparten do punto esencial sobre o que lles falo. Paga a pena a paréntese. Pero non se pode falar de literatura, nin sequera de escritura, se non entendemos a dimensión lingüística de tales procesos. Esa literatura nosa, entre dúas beiras, maniféstase en castelán, no español de América, que tantas irreversíbeis contribucións realizou non só ao auxe da fala hispana, senón ao propio destino dunha lingua enriquecida, moldeada á nosa forma; unha lingua que non permaneceu estática e que, para a súa saúde, nos nosos días, atende, incorporándoos, o léxico e até a fonética das linguas autóctonas coas que coexistiu. Este principio, “dúas poesías, unha lingua”, tan defendido por escritores como Mario Benedetti e Ángel González, remóntase á tradición que fundara Miguel de Unamuno e que continuara no século pasado, con moitísimo éxito,

9. Habería que engadir así mesmo voces como as da dominicana Aida Cartagena Portalatín e as cubanas Carilda Oliver Labra ou Fina García Marruz, cuxas obras levan o selo dunha expresión feminina autenticamente antillana.

un lingüista como Fernando Lázaro Carreter. Esa tradición abría os brazos a outras modalidades do español e propugnaba que “as linguas son inocentes, pero serven como armas dóciles a quen saben instrumentalizalas con astucia”. Máis adiante: “Detrás de todo conflito idiomático hai sempre un problema político grave”¹⁰. A existencia entre nós dunha espléndida literatura feita a través dunha lingua materna, o castelán, non debe lexitimizar a exclusión das autóctonas, ou o estímulo ao seu aguilloamento, que sería inútil porque ningunha lingua se extingue por decreto. A expresión literaria da nosa América contou con estas voces femininas que, desde a súa particular visión, colocaron non só a paisaxe telúrica que nos caracteriza, senón o esgazamento propio dun encontro cultural que dese o ton á diversidade do hemisferio occidental. A escritura feminina que fundaron estes nomes son o antecedente máis firme da nosa identidade como escritoras.

E non se trata de nomear por nomear senón de entender os motivos dunha balcanización que se fixo forte até os nosos días. Só a fins da década dos setenta comezaron a derrubarse os parapetos que impedían o recoñecemento mutuo, a comprensión de móbiles que nos frustraron ou nos enriqueceron. Grazas a moitos fenómenos casuais, ou atopados, desprendidos talvez das transformacións sociais acaecidas a partir de 1959, así como á aparición de institucións como Casa das Américas ou os grupos FEM de México, entre os máis representativos, logramos albiscar unha verdade tanxíbel: negabámonos, non nos coñeciamos, eramos cara e cruz dunha soa moeda, ensináronnos a reverenciar só o que viña das metrópoles. Unha colega advertiume unha vez logo de citar eu oportunamente o máis famoso achado de Virginia Woolf: “O asunto está en que ti non te deches conta pero ti fixeches boa parte da túa obra *sen cuarto propio*”.

Claribel Alegría e Gioconda Belli foron unha verdade certa nesa encomiábel percepción da súa identidade, que abranguía, fundamentalmente, a noción do seu entrañábel ser centroamericano. A colombiana Helena Araujo así o demonstra cando relaciona a produción destas autoras a certa zona da que eu publicara nos anos sesenta na Habana. O seu libro *La Scherezada criolla*¹¹ así o confirmaba adiantando para aquela altura moitos presupostos de hoxe. Coñezo infinitos grupos de creadoras en Porto Rico, México, Colombia, República Dominicana, Costa Rica, Nicaragua, entre outros países, que integran este movemento puxante e imparábel. Hei de destacar os logros do grupo de artistas latinas *LART*, radiado en Nova York, que iniciou esta perspectiva auspiciando uns aleccionadores faladoiros dos que xa sobrancean autoras de primeiro nivel.

10. Ver Fernando Lázaro Carreter: “Destino del Castellano”, en *El dardo en la palabra*, Barcelona, ed. Galaxia Gutenberg, col. Círculo de Lectores, 1997, p.67.

11. Helena Araujo: *La Scherezada criolla; ensayos sobre escritura femenina latinoamericana*, Bogotá, ed. Universidad Nacional de Colombia, 1989, p. 193.

Nos nosos días, non só alcanzamos un espazo de expresión senón que a súa xestión atrae a moitos lectores, a moitos simpatizantes, quen á súa vez fixeron que especialistas e estudosos se inclinen con mellor vocación sobre esa realidade conquistada.

III

Poucas veces sentín maior satisfacción, ou mellor gosto, que pronunciar estas palabras para, entre outros moitos propósitos, comezar a fixar os valores máis significativos de todo un movemento literario feito por escritoras de todas as xeracións, crenzas, identidades, sentimentos e ideas.

Desde calquera territorio, sobresa a escritura que cultivamos e a cosmovisión que dela se desprende sen socavar xéneros, estilos, estéticas. Estamos na senda correcta: a da comunicación, a de elevar a palabra ao seu plano máis eficaz; a de envorcar en palabras todo o vivido polos nosos seres queridos ou por personaxes que, aínda que inventados, leven na súa psicoloxía os problemas que afectan aos demais.

Temos un potencial de lume entre as mans e imos crear e anhear as posibilidades reais de comunicación cos nosos semellantes por todas as partes. Somos parte dunha escritura da verdade con editores ou sen editores; con tradutores ou sen tradutores; con distribuidores de boa vontade ou sen eles. Estamos na senda que vai á xusta marxe do mercado masificador, totalizador, embrutecedor e por iso mesmo espoliador de talentos e a súa correspondente honestidade intelectual.

IV

Os estudos contemporáneos, en calquera lingua, sobre a escritura exercida por mulleres, de calquera orixe ou latitude, abriron as súas portas á poderosa presenza dun asombroso cúmulo de obras que derruban vellos fundamentos en desuso e en franca decadencia.

Moitos son os programas que en universidades do planeta contemplan a escritura feminina como principal obxecto de análise. Poucos son os programas, con todo, que calibran a historia desde os seus ángulos mínimos e cotiáns. A historia que ás veces se considera alí clama por un sentido da Historia (con maiúscula) en cuxas páxinas case sempre se mira con lentes miopes o tesouro creado polas mans das nosas avoas.

Por que non poñer a nosa atención sobre a mirada cotiá da fregona do empedrador, ou sobre os diarios e as cartas desas namoradas que viron o acontecer des-

de unha heroicidade imperceptíbel para certos críticos? Esas obras sufriron unha invisibilidade insostíbel nos nosos días. Anticipouno Brecht cando clamaba pola identidade concreta dos construtores das pirámides exipcias. O diario dunha descoñecida, a biografía da despalilladora de tabaco en calquera poboado anti-lano, son espellos radiantes dunha dinámica social transmitida a medias ou desprezada nos textos de historia oficial.

E a escritura *per se* tampouco sería suficiente para atopar fontes inéditas que nas illas do Caribe sedimentan unha das culturas máis ricas do hemisferio. A quen lles foi negado o coñecemento do alfabeto, non lles foi negada a posibilidade da fala, da palabra falada, da tradición oral que perdura de pais a fillos, de xeración en xeración.

O que certa crítica chamou por moito tempo paraliteratura, até adxudicándolle un acento pexorativo, é o reino máis democrático da historia dos nosos costumes, das nosas orixes máis escondidas. Caderno en man, como un reto á desigualdade que nos impón a moitos a máis avanzada tecnoloxía, corramos a fixar con lapis a historia dos sen historia; os signos vitais dunha resistencia que non claudicou nin o fará.

Afinemos os nosos oídos para a lingua falada de campos e cidades, de portos e montañas. A narradora que non sabe escoitar unha conversa non saberá nunca levar ás súas páxinas o esplendor dun diálogo, a riqueza dunha inflexión a tempo ou a destempo. Estas foron técnicas até da antropoloxía que realizaron contribucións exemplares ao estudo de caracteres e de asentamentos humanos.

Sería imposíbel referir a través de estatísticas a suma total de publicacións periódicas especializadas sobre o tema, órganos de movementos populares ou académicos, ou simple reflexo desas inapreciábeis forzas vivas á marxe de intereses creados. Do mesmo xeito, aparecen infinidade de pequenas editoriais concibidas, deseñadas e rexentadas por mulleres, quizais algunhas de vida fugaz que se trasladan para outros novos medios incluídos, aínda que de cando en cando, os chamados masivos, para así romper o fatalismo da súa hexemonía absoluta. Está probado que, aínda no terreo das comunicacións, faise palpábel a eficacia de certas zonas caras ao exercicio desa escritura feminina. Gañamos un terreo.

Alcanzamos a visibilidade que arelaron para nós as fundadoras desa conciencia que perfilamos hoxe, aquí, de xeito incesante.

*Conferencia pronunciada pola escritora Nancy Morejón
na Fundación Rosalía de Castro. Padrón, 24 de abril de 2008.*¹²

12. Durante a súa estadía nesa latitude para recibir a súa condición de “Escritora Galega Universal” que lle foi outorgada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Aproximación cronolóxica

- 1944 Nace o 7 de agosto no barrio de Los Sitios da cidade da Habana (Cuba).
- 1961 Gradúase como Bacharel en Letras no Instituto da Habana.
- 1962 Forma parte da antoloxía *Novísima poesía cubana*. Publica o seu primeiro libro de poemas, *Mutismos* (A Habana, Ed. El Puente).
- 1964 Obtén o Premio de Poesía Rubén Martínez Villena da Universidade da Habana. Publica *Amor, ciudad atribuída* (A Habana, Ed. El Puente), libro que despois pasará a formar parte de *Richard trajo su flauta y otros argumentos*.
- 1966 Licénciase en Lingua e Literatura francesas pola Universidade da Habana. A súa actividade como tradutora intensifícase a partir destes momentos; cómpre destacar as súas traducións da obra de Molière, Aimé Césaire, Romain Rolland, René Depestre, así como de *Noite de Reis* de William Shakespeare.
- 1967 Publica *Richard trajo su flauta y otros argumentos* (A Habana, Ed. Unión, col. Premio) O libro recibe unha Mención da Unión Nacional de Escritores y Artistas Cubanos (UNEAC). O xurado estivo composto por José Lezama Lima, Nicolás Guillén, José Agustín Goytisolo, Roque Dalton, Regino Pedroso, Augusto Shelley e Yannis Ritzos. Neste mesmo ano formou parte do Encontro do Centenario de Rubén Darío, celebrado en

Varadero (Cuba), ao que asistiron os poetas latinoamericanos máis importantes da década dos 60.

- 1969 Foi antologada en *Nueva poesía cubana* (Barcelona, Ed. Península). Con posterioridade, os seus poemas aparecerán seleccionados, entre outras, nas seguintes antoloxías: *Poesía cubana de la Revolución* (México, Ed. Extemporáneos, 1976), *Nueva poesía cubana. Antología 1966-1986* (Madrid, Ed. Orígenes, col. La Lira de Licario, 1987) e en *Poesía cubana: la isla entera* (Madrid, Ed. Betania, 1995).
- 1971 En colaboración con Carmen Gonce escribe *Lengua de pájaro; comentarios reales*, A Habana, Ed. Ciencias Sociales, col. Tiempo, 1971, monografía etnohistórica sobre Nicaro, reeditada en 2002 en Santiago de Cuba, Ed. Oriente.
- 1972 Editan na Habana, na serie Valoración Múltiple de Casa de las Américas, a *Recopilación de textos sobre Nicolás Guillén*.
- 1979 Publica un novo libro de poemas, *Parajes de una época* (A Habana, Ed. Letras Cubanas, col. Mínima)
- 1980 Prologada por Efraín Hortas aparece unha antoloxía da súa obra co título *Poemas* (México, Ed. Universidad Nacional Autónoma de México, col. Cuadernos de Humanidades)
- 1982 Sae á luz un novo poemario, *Elogio de la danza* (México D. F., Ed. Universidad Nacional Autónoma de México, col. Cuadernos de Poesía), así como o estudo *Nación y mestizaje en Nicolás Guillén* (A Habana, Ed. Unión, col. Premio), libro co que obtivo o Premio Nacional de Ensaio Enrique José Varona, concedido da UNEAC, e o Premio Nacional de la Crítica.
- 1983 Publica o libro de poesía *Octubre imprescindible* (A Habana, Ed. Unión, col. Contemporáneos) Ofrece un recital no *Poetry Room* de Harvard. Un ano despois faríao no *St. Catherine's College* de Oxford, e cada vez farase máis frecuente a súa actividade como conferenciante e lectora de poemas, tanto en Europa como en América.
- 1984 O Círculo de Cultura Cubana de Nova York publica *Cuaderno de Granada*. A tradución foi de Lisa Davis.

- 1985 A editorial *The Black Scholar Press*, de California, publica unha antoloxía bilingüe (a versión inglesa é de Kathleen Weaver) co título *Where the Island Sleeps Like a Wing*. O diario *The San Francisco Chronicle* seleccionou este libro entre os dez mellores de poesía do ano.
- 1986 Publica o poemario *Piedra pulida* (A Habana, Ed. Letras Cubanas, col. Giraldilla); o libro recibiu o Premio de la Crítica. É nomeada directora do Centro de Estudios del Caribe de Casa de las Américas, onde traballará até 1993.
- 1988 Publica *Fundación de la imagen* (A Habana, Ed. Letras Cubanas, col. Giraldilla), un estudo sobre as literaturas do Caribe.
- 1989 Asiste como invitada de honra ao 54 Congreso Mundial do Pen Club Internacional en Toronto e Montreal.
- 1990 Aparece unha breve antoloxía dos seus poemas traducidos ao inglés polo Profesor Joe Pereira baixo o título *Ours the Earth*, publicada polo Instituto del Caribe da *University of the West Indies*.
- 1991 Participa no Festival Internacional de Poesía de Trois Rivières (Quebec, Canadá) e no curso «Dos poesías, una lengua» nos Cursos de Verán de El Escorial. Publica su obra poética *Baladas para un sueño* (A Habana, Ed. Unión, col. Ciclos)
- 1992 É convidada polo Congreso Nacional de Escritores Sudafricanos (COSAW) e percorre a República Surafricana ofrecendo recitais e obradoiros literarios. Asiste como convidada de honra á III Conferencia de Escritores del Caribe, celebrado en Curaçao, así como á V Edición de Carifesta en Trinidad e Tobago.
- 1993 Publícase na editorial Fundarte de Caracas *Paisaje célebre*. O libro obtivo Mención no Premio Internacional de Poesía Pérez Bonalde de Venezuela. Dirixirá até 1995 a Editorial PM da Fundación Pablo Milanes. Tamén *Poemas de amor y muerte* (Toulouse, Ed. Revista Caravelle, separata)
- 1995 É nomeada Asesora da Dirección do Teatro Nacional de Cuba, cargo que manterá até o 2000.

- 1996 Publícase en Matanzas (Cuba), na colección Clásicos del San Juan da editorial Vigía, *El río de Martín Pérez y otros poemas*, con debuxos e deseño de Rolando Estévez. Publícase por primeira vez en España unha antoloxía da súa obra poética titulada *Botella al mar* (Zaragoza, Ed. Oliphante, col. Poesía).
- 1997 Recibe de novo o Premio de la Crítica polo seu libro *Elogio y paisaje* (con ilustracións da autora, A Habana, Ed. Unión, col. La Rueda Dentada).
- 1998 Unha nova antoloxía, *Divertimento y otros poemas* (Madrid-A Habana, Ed. Sur, col. Milhojas).
- 1999 É elixida Membro da Academia de Ciencias de Cuba. A editorial Visor de Madrid publica, con selección e prólogo de Mario Benedetti, a antoloxía titulada *Richard trajo su flauta y otros poemas*.
- 2000 Aparece o seu libro de poemas, *La quinta de Los Molinos* (La Habana, Ed. Letras Cubanas, col. Cemí) do que xa se publicaran algúns poemas en 1998, co que consegue o Premio de la Crítica dese ano. Volve dirixir o Centro de Estudios del Caribe en Casa de las Américas.
- 2002 *Cántico de la huella*, con deseño e ilustracións de Rolando Estévez (Matanzas, Ed. Vigía, col. Inicios, pergameo); *Cuerda veloz (Antología de poemas 1962-1992)*, prólogo e selección da autora (A Habana, Ed. Letras Cubanas, col. Premio Nacional de Literatura)
- 2004 *Poética de los altares*, ensaio (A Habana, ed. Letras Cubanas, col. Mínima)
- 2008 É galardoada co Premio “Escritora Galega Universal” pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, polo conxunto da súa obra. Obtén o Premio de Honor Cubadisco 2008.

Para saber máis sobre a autora pódese consultar:

- * A revista *Afro-Hispanic Review* (vol. 15, n. 1, Primavera de 1996) de Columbia, Missouri, que recolleu nun número especial os relatorios e intervencións do Coloquio que esa Universidade dedicara á obra de Nancy Morejón os días 28 e 29 de abril de 1995.
- * Miriam DeCosta-Willis: *Singular Like A Bird; The art of Nancy Morejón*, Washington D.C., ed. Howard University Press, 1999, 363 páxs.

Teses:

- * Caroline A. McKenzie: *In Favor of Mariwó: Third World Consciousness in the Poetry of Nancy Morejón*, Universidade de Princeton, 1984.
- * Gabriel Abudu: *Transcurso poético afrocubano de Nicolás Guillén a Nancy Morejón: lo social y lo político*, Universidade de Tempels, 1991.
- * Linda Howe: *Representations of Afrocuban Culture and Identity in the Poetry of Nancy Morejón and Miguel Barnet; The Question of Gender and Race in Revolutionary Cuba*. Universidade de Wisconsin, 1995.
- * Sandra Hernández Descombey: *El mundo antillano de Nancy Morejón*, Universidade de París, 2000.

Antoloxía poética

Versos

Agora eu son: só hoxe temos e creamos

Nada nos é alleo

Nosa a terra

Nosos o mar e o ceo

Nosas a maxia e a quimera.

Simples luces

Un tumulto fai roda entre paxaros que voan
sobre as súas cabezas
o tumulto xeme por un alivio
que desexa atinxir
e semella decidido a todo,
á vida.

Un tumulto fai roda entre chagas de nervios
que entrelazan tradicións inviolábeis
de homes,
de pobos,
de multitudes,
de xentes,

e eu contemplo o tumulto que roda até os meus brazos
e mama neles.

As miñas emocións penéiranse en simples luces
pois o tumulto segue
e segue agora en espiral
e eu mamo dos meus propios brazos
como eles.

Mutismos (1962)

Ando

Ando e despendúrome
pola miña desesperanza límpida
e trótome
 e desándome,
a pensar no destino meu
e o das xentes que camiñan polo meu lado
 polas miñas fendas
 polos meus ceos
desenfádome e penso e padezo
os meus impulsos anteriores,
dándolles un matiz de culpa insospeitábel
volto até as miñas costas pulidas
de cargar con cóleras devastadoras e exhaustas
sen saber por que confío de novo
nas miñas xentes en todo
mais ando e despendúrome
trótome e desándome
progresivamente.

Mutismos (1962)

A cea

Aos meus pais

chegou o tío Xoán co seu chapeu opaco
sentándose e contando os golpes
que o mar e os pesados sacos propagaron
polo seu corpo robusto

eu entro de novo coa familia
a dar a boa tarde
e remachando calquera obxecto vello

continúo sen ollar fixamente
tomando o animal entre as miñas mans
distráida
pedindo con urxencia os ollos da miña nai
como a auga de todos os días

papá chega máis tarde
cos seus brazos escuros e as súas mans calosas
a enxugar a suor na camisa simple
que ameaza adocicada con esnaquizar os meus ombros
aí está o pai
acochado case
para que eu atopase vida
e puidese existir alí onde non estivo

detéñome perante a grande porta
e penso

na guerra que podería acenderse subitamente
mais vexo un home que constrúe
outro que pasa caderno debaixo do brazo
e ninguén
ninguén poderá con todo isto

agora
imos todos trementes e amábeis
para a mesa
ollámonos máis tarde
permanecemos en silencio
recoñecemos que un intrépido astro
 desprende
dos panos das cuncas dos culleróns
 do cheiro a cebola
de todo ese ollar atento e triste da miña nai
que esgaza o pan inaugurando a noite.

Richard trouxo a súa frauta e outros argumentos (1967)

Réquiem para a man esquerda

Para Marta Valdés

Sobre un mapa pódense trazar todas as liñas
 horizontais rectas diagonais
desde o meridiano Greenwich até o Golfo de México
 que máis ou menos
pertence á nosa idiosincrasia

tamén hai mapas grandes grandes grandes
 na imaxinación
e infinitos globos terráqueos
 marta

mais hoxe sospeito que sobre un mapa moi pequeno
 mínimo
deseñado en papel de caderno escolar
 pode caber toda a historia

toda

Richard trouxo a súa frauta e outros argumentos (1967)

Freedom now

Á loita dos negros en E.U., ao S.N.C.C

no sur dos Estados Unidos
fabrícanse ferrocarrís ganchos lámpadas
ganchos pintura de unllas para señoritas
cremas e xeados de chocolate
tinta prateada autos edificios de propiedade horizontal
televisores escolas democráticas

celebrase Haloween nos Estados Unidos
hai tamén Alabama Mississippi
Texas
A grande Texas lourina e pedichona
Birmingham Virxinia
Nova Orleáns –gargallo dos Luíses con *Mardi Grass* e todo

é dicir

ciudades misteriosas cheas de xente

que lincha negros e pisa cascudas

calquera vaca sureña exclamaría orgullosa:

“nestes tempos de coca-cola
forza nuclear e conferencias internacionais
vale moito máis o meu leite
que o seme dun estudante negro”

Richard trouxo a súa frauta e outros argumentos (1967)

Últimas noticias

non caia outra bomba sobre solo vietnamita
para continuar a crer no Partenón
no océano Atlántico
e no pensador de Rodin

Richard trouxo a súa frauta e outros argumentos (1967)

Farewell

Baixo o camiño certamente enloitado,
alá ao final da última corredeira,
o xamaicano tece hoxe a súa esperanza.
Quere que o sol sexa novo como unha nova vida.
O seu quefacer foi constante.
Tan só comparábel ao anónimo construtor das pirámides.
Rozou no monte de Kingstontown.
Limou as varandas da aldea coa súa propia miseria.
Ollou as cadeas de montañas
e reparou en que Xamaica era unha illa sumamente pequena.
Morriña de Cuba? Rememorar Haití?
Non, campesiño, antillano malabarista da suor,
non has de inmigrar xa máis ás túas terras irmás
para a ceifa horríbel e a folga.
Volta as costas e continúa a fundar o camiño mellor para a túa illa.
Di adeus, un adeus xamaicano.

Paraxes dunha época (1979)

Muller negra

Aínda cheiro a espuma do mar que me fixeron atravesar.
A noite, non podó lembrala.
Nin o mesmo océano podería lembrala.
Mais non esquezo o primeiro alcatraz que divisei.
Altas, as nubes, como inocentes testemuños presenciais.
Quizais non esquecín nin a miña costa perdida, nin a miña lingua ancestral.
Deixáronme aquí e aquí vivín.
E porque traballei como unha besta,
aquí volvín nacer.
A canta epopea mandinga intentei recorrer.

Rebeleime.

A Súa Mercede comproume nunha praza.
Bordei a casaca da Súa Mercede e parínlle un fillo macho.
O meu fillo non tivo nome.
E a Súa Mercede morreu ás mans dun impecábel lord inglés.

Andei.

Esta é a terra onde padecín castigos e azoutes.
Voguei ao longo de todos os seus ríos.
Baixo o seu sol sementei, apañei e as colleitas non comín.
Por casa tiven un alpendre.
Eu mesma trouxen pedras para erguelo,
mais cantei ao natural compás dos paxaros nacionais.

Subleveime.

Nesta mesma terra toquei o sangue húmido
e os ósos podres de moitos outros,
traídos a ela, ou non, igual ca min.
Xa nunca máis imaxinei o camiño para a Guinea.
Era para a Guinea? Para Benín? Era para Madagascar? Para Cabo Verde?

Traballei moito máis.

Fundeí mellor o meu canto milenario e a miña esperanza.
Aquí construí o meu mundo.

Marchei para o monte.

A miña real independencia foi o palenque
e cabalguei entre as tropas de Maceo.

Só un século máis tarde,
a carón dos meus descendentes,
desde unha azul montaña,

baixei da Serra

para acabar con capitais e usureiros,
con xenerais e burgueses.
Agora eu son: Só hoxe temos e creamos.
Nada nos é alleo.
Nosa a terra.
Nosos o mar e o ceo.
Nosas a maxia e a quimera.
Iguais meus, aquí véxovos danzar
arredor da árbore que plantamos para o comunismo.
A súa pródiga madeira xa resoa.

Paraxes dunha época (1979)

Eloxio da Danza

A Leo Brouwer

O vento zoa
como unha crianza
e os aires arquexan
na selva, no mar.

Entras e saes
co vento,
sopras a chama fría:
Velos de lúa
sopras ti
e as flores e o musgo
a latexaren no vento.

E o corpo
na superficie da auga
na superficie do vento
no eterno signo da danza.

Eloxio da danza (1982)

O tambor

O meu corpo convoca a chama.

O meu corpo convoca os fumes.

O meu corpo no desastre
como un paxaro brando.

O meu corpo como illas.

O meu corpo a carón das catedrais.

O meu corpo no coral.

Aires da miña brétema.

Lume sobre as miñas augas.

Augas irreversíbeis
nos azuis da terra.

O meu corpo no plenilunio.

O meu corpo como os paspallás.

O meu corpo nunha pluma.

O meu corpo no sacrificio.

O meu corpo na penumbra.

O meu corpo na claridade.

O meu corpo ingrávido na luz
vosa, libre, no arco.

Eloxio da danza (1982)

Obreira do tabaco

Unha obreira do tabaco escribiu
un poema á morte. Entre o fume
e as follas torcidas e secas da veiga
dixo ver o mundo en Cuba.

Era o ano 1999... No seu poema
dixo tocar as flores
formadoras dunha máxica alfombra
que circunvoaba a Praza da Revolución.

No seu poema, esa obreira
palpou os días do mañá.

No seu poema, non había penumbras senón lámpadas
enxéxicas.

No seu poema, amigos, non había Miami nin reclamacións;
non había mendicidade,

non había ruindades,
nin violacións da lei laboral;

non había interese pola Bolsa, non había lucro.

No seu poema, había astucia militante, lánquida
intelixencia.

No seu poema, había disciplina e asembleas.

No seu poema, había sangue fervendo do pasado.

No seu poema, había fígado e corazóns.

O seu poema era un tratado de economía popular.

No seu poema, estaban todos os desexos e toda a ansiedade
dun revolucionario contemporáneo seu.

Unha obreira do tabaco escribiu

un poema á agonía do capitalismo. Si, señor.

Porén nin os seus irmáns, nin os seus veciños,

adiviñaron a esencia da súa vida. E nunca souberon
do poema.

Ela gardáralo, tenaz e finamente,
a carón dunhas follas de cana santa e cânabo
dentro dun libro, empastado,
de José Martí.

Outubro imprescindible (1983)

Rosa

Falémoslle.

Nosa é

a súa espiña.

Pedra puída (1986)

Nai

A miña nai non tivo xardín
senón illas acantiladas
aboindo, baixo o sol,
nos seus corais delicados.
Non houbo unha póla limpa na súa pupila
senón moitos garrotes.
Que tempo aquel cando corría, descalza,
sobre o cal dos orfanatos
e non sabía rir
e non podía sequera ollar o horizonte.
Ela non tivo o apouso de marfil,
nin a sala de vime,
nin o vitral silencioso do trópico.
A miña nai tivo o canto e o pano
para arrolar a fe das miñas entrañas,
para alzar a súa cabeza de raíña desouvida
e deixarnos as súas mans, como pedras preciosas,
face aos restos fríos do inimigo.

Pedra puída (1986)

Abril

Esas follas que voan baixo o ceo,
queren dicir a lingua da patria.

Estas aves que aspiran
a lentitude hostil da borrasca,

Xa saben que en abril se precipitan
todas as agresións.

Oh, vila na que nacín,
así te ollo con fereza, á beira do mar;
este po que piso
será a horta magnífica de todos.
E se caemos outra vez
alzaranse os ósos na area.

Aquí están as nosas almas
no mes imprevisto, en abril,
onde dorme a Illa como unha ala.

Pedra puída (1986)

Campeñiños

Ver os campeñiños
pola estrema
a saíren da central¹
e a entraren no millo.

Ver os campeñiños
co embornal ao ombro
a cantaren na montaña
con alma comunal.

Pedra puída (1986)

1. Nota do tradutor: ‘central’ (masculino no orixinal) reférese a unha instalación industrial dedicada á produción de azucre.

Mundos

A miña casa é un grande barco
que non desexa emprender a súa travesía.
Os seus mastros, as súas enxarcias,
tornáronse raíces
e medusas plantadas no medio do mar;
a estas alturas,
¿poderei dicir o mar
divisado polo sol
ou polo ouro fétido do galeón esfolado?

A miña casa é un grande barco
que abriga a noite.
Quero os viños leves da súa espuma.
Quero os ferros fortes dos seus currais.
Quero, á fin, a lenta e prístina chaira
derramada nos ollos.
Oh os ollos furtivos do pasado mortal.

A miña casa é un grande barco
rodeado de augas novas
onde cravo as miñas mans
e as pupilas que trouxen.
Danzar, vogar, chorar e andar
entre os peixes de cuberta.

Vello mundo o que amo,
novo mundo o que amo,
mundos, mundos os dous, os meus mundos:
Oh as tartarugas sacras;

ai, as algas;
Ah o nome da muller costeira,
ancorada no centro dun mundo.

Vivo no nesgo tallado da espiga.

“Imos andar”, díxome algunha vez,
co seu alento amoroso, aquel escravo.
E ambos sementamos as nosas pernas
como troncos incólumes, como niños fundados;
abrazándonos baixo a tempestade.
“Pensa no tempo da pedra puída
que sempre chega aquí
para lanzar o arco e outra vez a orixe”,
volveu dicirme
e xa a súa alma deixaba de estar soa,
e xa a súa boca mesma era unha illa ardorosa,
farta de froitas, linguas, ondas e pergamiños.

A miña casa é un grande barco
sen demos apenas
porque os cominei á retirada;
porque quero a dita como regra suprema;
como regra suprema quero o violín,
a contradanza ilesa no seu vaivén.

A miña casa é un grande barco
e trazo coas miñas veas o mapamundi nunca
visto

dos illotes á miña destra.

Vivo na miña casa que é un barco
(que poderoso barco me alberga)
Vivo na miña casa que é un barco
(que poderosa espuma me refresca).

Vivo no meu barco vivo
amparada do trono e o raio.

A miña casa é un grande barco
digo
sobre a illa dourada
na que vou morrer.

Pedra puída (1986)

Soliloquio dun colono

Acabo de degolar un ovambo¹.
¿Que é un ovambo?
Un negro,
un animal rabioso,
un monstro con apenas dúas patas
e dous ollos inmensos como os de Lucifer.
Eran perto as seis da tarde
e os dous tropezamos,
saíndo da granxa,
fronte ao xardín da señora Woolf.
As adelfas da señora Woolf son tan fermosas.
Eu régollas os domingos cando sae de compras a
Pretoria.
Díxenlle que tropezou comigo e non se desculpou.
Alzou a cabeza e non se desculpou.
Era un groseiro, como todos os negros,
un ovambo dos demos,
un terrorista, un depredador,
un negro ovambo,
e non me puideron conter
e fun apañar a sogá e a navalla.
Xa estaba de costas cando o derrubei...
Iso foi todo, Peter.
Eu ben respecto a orde e a lei.
Xogamos ás cartas?

Baladas para un soño (1991)

1. Nota do tradutor: Ovambo fai referencia a un pobo de África do SO, dedicado principalmente á agricultura, a pesca, a caza e a recolección. Posúe unha organización social de tipo matrilineal e matrilocal.

Canción de berce silente para nenos sudafricanos

Mamá non tiña pase
e non había pan.

Papá non tiña pase
e estaba castigado.

Mamá non tiña pase
e non había pan.

Papá non tiña pase
e morreu degolado.

Mamá non tiña pase
e non había pan.

Baladas para un soño (1991)

Epitafio para unha dama de Pretoria
(Sobre unha idea do poeta Countee Cullen)

Sempre pensou que aínda resurrecta
dormiría a mañá
até que tres anxos negros
lle fixeran ben a cama
e, sobre todo, o almorzo.

Baladas para un soño (1991)

Ausencia

Se tivese papel entre as mans
faría un grande barco
para trepar á cuberta
e só descender nas illas Bahamas
ou nas Bimini,
que sería o mellor. Non vou
deter a miña ruta até que chegue
ás complexas augas do Ártico,
para deixar o meu corazón
entre os fiordes e os xeos esquivos
que o terán protexido
da túa ausencia remota,
da túa ausencia pasábel,
da túa ausencia sen fin.

Paisaxe célebre (1993)

Carta náutica

Olo as augas todas
desde as profundidades do mar
e alí estás como un cuarto minguante acelerado
e alí estou sen palabras, móbil entre a espuma
que navega até o teu corazón.
E cara ao noso amor avanza
os catro puntos cardinais
e os restos de barcas e navíos que puideron
sobrevivir ao naufraxio dun cuarto de século.
Seguiremos amándonos a perpetuidade.
E alzaremos as nosas cabezas
no ouro pechado do arboredo mudo
até chegar, de novo, ao pé dos cen mares.
Na preamar o teu corpo e o meu corpo.
Alá na baixamar a túa boca e o meu corpo e o teu esplendor.
Nesta carta náutica non hai espazo posíbel para eles.

Paisaxe célebre (1993)

Soños

Eu durmía, como dormen os osos polares,
sen lembranzas e sen eses espellos
que vixían as galerías dos castelos.
Un fume europeo a erguerme do leito
e a arrandearme
até depositarme entre os feitos húmidos
dunha torre distante, asediada polos rumores
do soliloquio dun guerreiro vencido.
Eu durmía, como dormen os esquíos veloces.
Os sopros da madrugada non podían abrigarme.
Eu durmía, como unha medusa desterrada para o abismo.
Entón foi cando o teu amor apareceu
transmutados en libros fabulosos
onde presenciabamos a queima da biblioteca
de Alexandría... e un antigo reloxo de area
nos borraba do tempo traéndome o teu rostro máxico
que tremía na bruma do ceo,
que voaba por riba das correntes,
afundindo nos bucios do esquecemento.
Eu durmía, como dormen as chuvias no mar,
como dormen os teus ollos cando estás ao meu carón.

Paisaxe célebre (1993)

Persoas

Cal destas mulleres son eu?
Ou non son eu a que está a falar
tras os barrotes dunha xanela sen estilo
que dá á plenitude de todos estes séculos?
¿Acaso serei eu a muller negra e alta
que corre e case voa
e atinxe recordes astronómicos,
coas súas escuras pernas celestiais
na súa espiral de lúas?
En cal músculo seu se deseña o meu rostro,
cravado alí como un hendecasílabo importado
dun país de neve prohibida?

Estou na xanela
e cruza a muller de Antonio;
“a veciñiña de diante”, dunha rúa sen formas;
“a nai –negra Paula Valdés–”
Quen é o señorito que sufraga
as súas roupas e as súas viandas
e os aromas de vetiver xa desprendidos do seu andar?
Que permanece en min desa muller?
Que nos une ás dúas? Que nos afasta?
Ou serei eu a “vagabunda da alba”,
que aluga taxis na noite dos xaguares
como unha garza tendida no pavimento
despois de ter sido cazada
e esquilmada
e revendida

pola *Quinta de los Molinos*
e os embarcadoiros do porto?
Elas: quen serán? ou son eu mesma?
Quen son estas que se asemellan tanto a min
non só polas cores dos seus corpos
senón por ese fume devastador
que exhala a nosa pel de res marcada
por un estraño lume que non cesa?
Por que son eu? Por que son elas?

Quen é esa muller
que está en todas nós fuxindo de nós,
fuxindo do seu enigma e da súa longa orixe
cunha incrédula pregaría entre os labios
ou cun himno cantado
despois dunha batalla sempre renacida?

Todos os meus ósos, serán meus?
De quen serán todos os meus ósos?
Teranmos mercado
naquela praza remota de Gorée?
Toda a miña pel será mesmo miña
ou me teñen entregado en troco
os ósos e a pel doutra muller
cuxo ventre marcou outro horizonte,
outro ser, outras criaturas, outro deus?

Estou na xanela.
Eu sei que hai alguén.
Eu sei que unha muller ostenta os meus ósos e a miña carne;
que me procurou no seu gastado seo
e que me atopa na vicisitude e o extravío.
A noite está soterrada na nosa pel.
A sabia noite recompón os seus ósos e os meus.
Un paxaro do ceo trocou a súa luz nos nosos ollos.

Peñalver, febreiro de 1999

A Quinta de los Molinos (2000)

os que marchan

Marchan.

Xa sen outro remedio, marchan
para a noite.

Desesperada,

Unha lancha costeira virá por eles
sen resposta. Arriba,
as estrelas, sen ter que dicir.

E a vixilia nosa,

co seu paso monótono,

non deterá o pesadelo.

Desde hai horas, vémoslos face a face,
tras as reixas dun suposto xardín.

Chove tinta do ceo.

Marchan. Marchan.

Algo está a punto de nacer.

Marchan. Marchan,

con larvas, con ratos, con espuma de mar.

Marchan. Marchan.

Algo está a punto de morrer.

A Quinta de los Molinos (2000)

Inéditos

Balada do amor perdido

Os seus ollos xa non tiñan
a cor ámbar dos soños.
Nin a súa boca o aire amañecido
para cantarlle ás columnas da cidade.
Eu agardei en van o seu sorriso
e ollei cara a ponte como se deseñase
os seus ferros sobre un óleo holandés.
Camiñamos sen rumbo sós
e fomos escoitando as mesmas melodías
envolvidos nunha espuma sacra
que nos xuntaba a pesar de nós;
fomos, sen darnos conta, soprando as cinzas
do noso antigo amor
agora convertido en aplausos, saúdos, cifras
e nun camiño sen final, indescritíbel,
que me conduciu a este poema.

Alamar, 2 de abril, 1987

Qana

Oh deus se existes

Non dubidei da túa existencia

Esa pregunta,
lanzada ao vórtice dos baleiros,
é un pardal coas ás queimadas;
como unha gruta xorda
por onde camiñamos, sen rumbo,
até que o corpiño ensanguentado
dunha nena inocente
impide o paso

Logo,
hai un son atronador que nos leva
até un letreiro que di QANA

Oh deus se existes

Como poderías explicar
tanto sadismo, tanta crueldade, tanta aberración

É alucinante ver o sangue dunha nena brotar

O sangue dunha nena irta, irta, irta
A súa mirada, auga de laverca, irta

Brota o sangue
da súa cabeza e das súas perniñas

Oh deus de todos os días

Calquera que for o teu nome ou o teu pasado ou a túa orixe;
onde queira que teñas reinado ou sufrido;
onde queira que che teñan rendido culto

Vén calmala

Vén mitigar a súa dor e o meu espanto

Vén e arrólaa nos teus brazos,

Vén no seu auxilio porque as miñas bágoas non poden facer nada, nin os meus
[rogos, nin os meus
versos incertos.

Fai posíbel a cordura entre os homes e as súas familias,
entre as mulleres e as súas familias,
entre as nenas e os nenos e as súas familias
desencontradas ou encontradas
de todo o orbe
e que os culpábeis destes crimes paguen por eles.

Círculos de ouro

Cantan as aves na mañá
sobre o teito da igrexa meditabunda,
mais ninguén escoita as aves tranquilas
senón o explorador que baixou das montañas
despois da chuvia. Andar e andar,
atravesando os pastos húmidos,
é unha forma de coñecer o ambiente
desta vila estraña onde as rúas
son círculos de ouro traídos da alta mina.
Andar e andar, despois que os lóstregos
trouxeron a súa verdade até as raíces da amendoeira en flor.
Ouvimos aínda o canto bendito das aves
na mañá
mais hai uns forasteiros, que son soldados,
cos seus fusís en riste a punto de disparar
sobre a luz do voo emprendido polas aves
que cantan na mañá.
Andar e andar do amigo que contempla
a escena asaltado polo azoro máis indescribíbel.
Disparan sobre o voo azul das aves
os invasores impunes cos seus cascos feroces
e os seus fusís famentos de sangue inocente.
Andar e andar, e non comprender nada
senón o dereito das aves a cantar
e o dereito dos paseantes a escoitalas.

Obsidiana

A Claribel Alegría, en Managua

Obsidiana é unha palabra antiga,
máis antiga aínda que as altas areas do deserto
voando entre os baixos outeiros dunha paisaxe,
máis antiga que a súa propia historia.
Leo obsidiana.
Hai unha obsidiana entre as mans de Bud.
Á alba, cantan os lagos como nunca.
Leo obsidiana.
Escribo obsidiana.
Con ela penetro nos segredos das montañas,
nos da lúa alta e branca,
lúa sementada nos ceos
e na follaxe nacida arredor destes volcáns.

Managua, 14 de xaneiro, 2005

Chuvia sobre tellados

Quen puidese escribir sobre estes tellados
musicais e case adormecidos,
por iso mesmo quizais envolvidos
na chuvia e por iso mesmo quizais a caer
no corazón axustado de alguén
sen que ninguén se decate.

Algúns tellados están a cantar no seu tremor,
están a mollarse por unha chuvia que ninguén anunciou,
que ninguén pode recoñecer senón nas gotas máis pequenas,
as gotas que rodan
para o asfalto bordado de pedriñas
e ocos grandes como espazos abertos
perante as balas dun exército de ocupación asasina.
Estes animosos tellados
grises no seu esplendor urbano,
alborotados na pupila de alguén que os contempla
coa turbación de antano, cando os negros *curros*¹ campaban
baixo a luz destes tellados na procura das cores do seu pasado
e o canto cego das súas gorxas...

Manglar, abril de 2006

1. Nota do tradutor: Os 'negros curros' son un grupo social de homes libres que se asentaron extra muros da Habana na época colonial. El Cerro, zona onde mora a autora e desde a que o poema foi escrito, foi un dos barrios de máis presenza deste grupo, nomeadamente a rúa Manglar.

Montevideano que fala en alemán

A Mario Benedetti e Luz, por suposto

Son un mariño sen porto e sen acento,
sen lúa,
sen os cabelos a se abriren perante o horizonte dos ventos.
Son un mariño, o mariño de todos os orientais
que procuran a aventura do amor fugaz.
Non puiden atopalo. Non puiden atopalo.
Fun o mariño que atopou o amor,
un amor fixo, fixo na miña Luz montevideana.

Por iso na pantalla hai un mariño atilado,
murmurando quizais a Heine.
Un mariño a ollar a muller que está ao seu carón
porque estraña a súa que é
unha luz alegre de mar,
dos mares do sur,
agora sen dono.
Os poemas lanzados ao océano
e aos sete mares
fan que este mariño
esqueza o cheiro das macetas
nos balcóns e a súa única flor
de flores sementadas na memoria
como aves dunha rúa no seu barrio natal
para entón volver pensar
e pensar na lúa coa súa Luz Alegre
e o poderoso vaivén do Río da Prata.

Non hai carne humana, non hai óso humano,
non hai forma de muller que non lle traia ao mariño penteado
o perfume daquel hospital onde, adolescente,
ela puxo os seus labios sobre os seus
contaminados cunha doenza mortal.

Son un mariño debaixo da lente,
dabaixo de todas as lentes de Eliseo Subiela
a procurar transcender a súa imaxe
e saltar a historia mesma dun amor que perdura
como o azul do mar fronte aos balcóns de Montevideo.
Son un mariño namorado desta luz alegre
onde está a miña.
Son un mariño montevideano que fala en alemán
sobre esta luz que non termina.

A Habana, 16 de abril, 2006

Vilma en xuño

Xuño trouxo a chuvia tempestuosa,
a estrela natural que arrola o vento.
Xuño poboaba o mar de sentimento
coa fina presenza dunha rosa.

Vilma protexerá a primorosa
espuma fiel dun ceo derramado
como o silencio do seu ben amado
baixo o cristal amigo doutra rosa.

Eu vina levitar como unha estrela
viva, serena, amena e acendida.
Vilma, brillando como charamela,

na perenne rosa convertida,
feita canción e soño realizado
como unha clara estrela amañecida.

A Habana, 19 e 20 de xuño, 2007

Anexos

Nancy

Entre os deseños inéditos de Walt Disney, cando o seu falecemento, atoparon a Nancy. Era o mesmo nervioso antílope que agora vemos, mais aínda non tiña iniciado a carreira, fina gacela detida entre o cartón e o lapis. Os ollos grandes, grandísimos e como asombrados na súa inocencia; os peitos breves e culpábeis.

Penso que a súa poesía é negra como a súa pel, cando a tomamos na súa esencia íntima e somnámbula. É tamén cubana (por iso mesmo) coa raíz soterrada moi fondo até saír polo outro lado do planeta, onde se pode ver só cando a terra se detén para que a retraten os cosmonautas.

Nicolás Guillén

Poema incluído no poemario *La rueda dentada*, A Habana, ed. Unión, col. Contemporáneos, 1972.

Este poema foi escrito especialmente para o espectáculo *Richard trouxo a súa frauta*, que baixo a dirección de Luis Brunet foi estreado polo grupo Teatro-Estudio na Sala Hubert de Blanck, en 1970.

* * *

“Nancy Morejón é unha das voces poéticas máis orixinais da Cuba posterior a 1959. Traducida a varios idiomas e tradutora á súa vez, a súa obra poética, xunto co seu labor crítico e ensaístico, téñena convertido nunha figura singular da actual literatura cubana (...)

Amor e cidade serán unha constante; son os seus dous descubrimentos, as súas revelacións. Lectora de sempre e en varias linguas, absorbe as vibracións do surrealismo e a capacidade comunicativa da poesía dialogada, incorporando provocativas exploracións na súa faena decididamente orixinal.”

Mario Benedetti (1991)

Apéndice fotográfico





Con Cesáreo Sánchez.



Cos Premios AELG 2008: Justo G. Beramendi, Rubén García, Millán Picouto, Agustín Fernández Paz e Yolanda Vilarchao. Á dereita, Mercedes Queixas e Cesáreo Sánchez.





Con Helena Villar Janeiro, presidenta da Fundación Rosalía, e María do Carme Adán, Secretaria Xeral de Igualdade.



Con Carme Adán e Mercedes Queixas, Secretaria Xeral da AELG.















